
DATOS & INFORMES



CONSELLO DA
CULTURA GALEGA
OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Web
consellodacultura.org

Twitter:
[@consellocultura](https://twitter.com/consellocultura)

Facebook:
facebook.com/consellocultura

Correo:
medios@consellodacultura.org

Telf:
+34 981 95 72 02

O libro e a edición en Galicia (2016)

O libro segue a ser un soporte fundamental da cultura, non só no que atinxe á produción do obxecto en si senón tamén como vehículo ou ferramenta de difusión de coñecementos. O rápido desenvolvemento doutros soportes tecnolóxicos está a forzar a súa transformación e adaptación a novos formatos de edición, mais, con todo, afiánzase na actualidade como o medio de transmisión cultural por excelencia.


No informe que se presenta a continuación realízase unha análise da situación editorial en Galicia, en comparativa territorial con outras comunidades autónomas e desde a perspectiva temporal do último quinquenio 2011-2015.

Para a elaboración deste documento de traballo, o Observatorio nítrese dos datos achegados polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (*Estadística de la edición española de libros con ISBN e Panorámica de la edición española de libros*).

Segundo a metodoloxía do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, a definición de libro sería “calquera obra científica, artística, literaria ou de calquera outra índole que constitúe unha publicación unitaria nun ou varios volumes e que pode aparecer impresa ou en calquera outro soporte susceptible de lectura”. Tal e como se ten mencionado noutros documentos de traballo sobre o libro realizados polo Observatorio, esta definición inclúe libros electrónicos, así como os libros que se publiquen ou se difundan por Internet e noutro soporte que poida aparecer no futuro.

Cifras do libro en Galicia

Segundo os datos do ISBN, en 2015 editáronse en Galicia un total de 2266 libros, 338 libros menos que en 2014. Como se mostra na seguinte gráfica, o descenso editorial foi unha constante nos últimos cinco anos, a excepción de 2014, ano que semellaba trocar a tendencia. O balance de libros inscritos no ISBN en Galicia no quinquenio investigado mostra un decrecemento dun 24,6 %. No caso de España, o comportamento varía no último ano de estudo, pois a edición continúa aumentando, ao contrario que en Galicia.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de la edición española de libros con ISBN.*

Un 82,7 % do total dos libros inscritos en Galicia no ISBN en 2015 foron editados en papel. A edición noutros soportes (17,3 %) baixou 5 puntos porcentuais respecto ao ano anterior, ano no que este tipo de edición experimentara un crecemento significativo que se desvanece este último ano de estudo e que, ademais, contrasta coa estabilidade dos datos estatais nos últimos dous anos. No conxunto de España mantéñense os marcadores tanto dos libros en soporte papel como noutros soportes. A seguinte táboa deixa constancia desta evolución.

Libros inscritos no ISBN por soportes

	2011	2012	2013	2014	2015
España					
Total libros	96 862	90 978	76 803	79 224	79 397
Libros en soporte papel	72 673	66 437	53 775	56 867	57 117
Libros noutros soportes	24 189	24 541	23 028	22 357	22 280
% en papel	75,0	73,0	70,0	71,8	71,9
% noutros soportes	25,0	27,0	30,0	28,2	28,1
Galicia					
Total libros	3006	2335	2268	2604	2266
Libros en soporte papel	2488	1999	2008	2025	1874
Libros noutros soportes	518	336	260	579	392
% en papel	82,8	85,6	88,5	77,8	82,7
% noutros soportes	17,2	14,4	11,5	22,2	17,3

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de la edición española de libros con ISBN.*

No caso da porcentaxe de primeiras edicións, os índices de Galicia e do total de España difiren pouco, como se mostra a continuación na táboa.

**Porcentaxe de primeiras edicións. Comparativa España-Galicia. 2011-2015**

	2011	2012	2013	2014	2015
España	96,3	96,7	97,4	97,6	97,6
Galicia	99	99,1	98,9	99,2	99,5

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de la edición española de libros con ISBN.*

Respecto aos libros publicados en galego (á marxe do seu lugar de edición), o seu número descendeu lixeiramente en 2015 en comparación co ano anterior e, aínda que se trata dunha baixada moderada, contrasta coa suba dos inscritos en éuscaro e catalán. Con todo, o balance do quinquenio analizado é negativo nos catro idiomas estudados, como se ve na seguinte táboa; mención á parte é o caso do éuscaro, que remata o período con máis libros inscritos no ISBN que en 2011.

Libros inscritos no ISBN por lingua de publicación

	2011	2012	2013	2014	2015
Castelán	76 181	73 449	61 610	62 506	62 526
Porcentaxe	78,6	80,7	80,2	78,9	78,8
Catalán	9926	7237	6182	6485	7346
Porcentaxe	10,2	8	8	8,2	9,3
Galego	1711	1353	1143	1439	1394
Porcentaxe	1,8	1,5	1,5	1,8	1,8
Éuscaro	1214	1224	892	1126	1222
Porcentaxe	1,3	1,3	1,2	1,4	1,5

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de la edición española de libros con ISBN.*

No tocante a libros traducidos do galego, a tendencia do período estudado é descendente. Unha tendencia que se repite en todos os casos, cun decrecemento dun 48,7 % para o castelán; dun 34,4 % para o catalán; dun 32,6 % para o galego e dun 23,7 % para o éuscaro, idioma que con só 45 inscricións no ISBN en 2015 foi o que experimentou a maior baixada respecto ao ano anterior (un 30,5 %).

Libros inscritos no ISBN traducidos, segundo a lingua de orixe

	2011	2012	2013	2014	2015
Castelán	3335	3134	2368	2402	1711
Catalán	578	474	376	371	379
Galego	95	55	67	67	64
Éuscaro	59	60	56	65	45

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de la edición española de libros con ISBN.*

En canto ao número de editores solicitantes de ISBN, o que semellaba unha pequena recuperación en 2014 esvaécese en 2015, cunha perda de 19 solicitantes en Galicia e 134 no total de España.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Número de editores con actividade e libros editados inscritos en ISBN. Comparativa España-Galicia


	2011	2012	2013	2014	2015
Editores					
España	3377	3176	3071	3097	2963
Galicia	166	147	144	149	130
Producción media					
España	29	29	25	26	27
Galicia	18	16	16	17	17

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de la edición española de libros con ISBN.*

Como se pode apreciar na táboa anterior, hai certa estabilidade na produción media de libros desde unha comparativa temporal.

A seguinte gráfica amosa a posición de Galicia en comparativa autonómica respecto a este indicador, que como se pode ver ocupa o oitavo lugar. Por riba da media estatal tan só se sitúan as comunidades de Madrid e Cataluña.

Producción media, comparativa autonómica. Ano 2015



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de la edición española de libros con ISBN.*



Edición en galego

Na seguinte táboa reflíctense os datos da evolución dos libros con ISBN publicados en galego segundo o tipo de formato no que están publicados, é dicir, en formato de libro en papel ou noutros soportes¹.

Número de libros con ISBN publicados en galego segundo o formato

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Total	2482	2121	2544	1997	1621	1426	1439	1394
Libro en papel	2359	1970	2326	1554	1401	1217	974	969
Outros soportes	123	151	218	443	220	209	465	425

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Panorámica de la edición española de libros 2014*.

Dos datos da táboa anterior despréndese que o número de libros publicados en galego sufriu unha caída dun 43,8 % no período 2008-2015, cunha perda de máis de 1000 títulos. Ben é certo que no ano 2010 a cifra de libros foi a máis alta deste período, con 2544 libros. A cifra de libros publicados en galego supón un 61,5 % do total de libros con ISBN publicados en Galicia en 2015. A porcentaxe de edición en galego respecto do total de edición en Galicia sitúase entre o 52 % e o 67 % nos últimos anos.

Porcentaxe de libros editados en galego respecto do número total de libros editados en Galicia²

	2011	2012	2013	2014	2015
Total publicados en Galicia	3006	2335	2268	2604	2266
Publicados en galego	1997	1621	1426	1439	1394
% publicados en galego	66,4	57,9	50,4	55,3	61,5

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de la edición española de libros con ISBN*.

No tocante ao formato, segue a dominar o formato papel, xa que supón un 73,6 % dos libros publicados en galego en 2014. Cómpre salientar que en 2011 se produciu un aumento significativo de libros en galego publicados noutros soportes dun 50,8 % con respecto a 2010, pero nos dous anos seguintes volveu diminuír para achegarse a cifras similares ás de 2010. Porén, en 2014 a edición noutros soportes adquire gran relevancia e aumenta nun 55 % respecto de 2013, de tal xeito que acada a cifra máis alta que se produce na serie histórica.

Na seguinte táboa inclúense cifras da evolución do número de libros con ISBN publicados en galego segundo materia³.

¹ Na categoría doutros soportes inclúese: edición electrónica, microformas, videolibro, audiolibro e diapositivas.

² Os títulos editados en galego non están necesariamente editados en Galicia.

³ A última referencia temporal deste indicador e os seguintes é de 2014.

Número de libros con ISBN publicados en galego segundo a materiaDATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Total	2482	2121	2544	1997	1621	1426	1763
Xeneralidades	608	432	550	343	314	341	380
Filosofía. Psicoloxía	9	7	15	19	9	4	32
Relixión. Teoloxía	9	7	9	4	5	2	-
Socioloxía. Estatística	26	22	26	24	33	20	15
Ciencias políticas. Ciencias económicas	27	25	46	77	11	13	21
Dereito. Administración pública	50	69	55	167	19	8	9
Arte e ciencia militar	2	1	-	-	-	-	-
Ensinanza. Educación	934	774	646	540	624	408	706
Comercio. Comunicacions. Transportes	6	7	5	26	-	3	-
Etnografía. Usos e costumes	38	31	27	14	4	8	10
Matemáticas	6	10	13	10	5	1	-
Ciencias naturais	38	30	50	35	15	5	10
Ciencias médicas. Hixiene pública	13	13	21	23	10	7	2
Enxeñaría. Tecnoloxía. Informática	33	25	15	38	9	2	5
Agricultura. Silvicultura. Gandaría	5	7	12	11	3	1	-
Economía doméstica	7	10	16	11	7	18	9
Organización e xestión de empresas	14	14	13	56	3	2	3
Urbanismo. Arquitectura	15	20	38	26	18	19	12
Artes plásticas. Artes gráficas	27	32	40	35	27	48	35
Música. Teatro. Cine	13	26	18	13	8	17	6
Xogos. Deportes. Pasatempos	4	18	10	3	7	3	2
Lingüística. Filoloxía	28	39	70	25	27	24	19
Literatura	410	331	682	408	374	407	411
Xeografía. Viaxes	55	47	58	13	10	3	3
Historia. Biografía	105	124	109	76	79	62	73

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Panorámica de la edición española de libros 2014*.

A materia en que abundan máis libros publicados en galego é a de «Ensinanza e educación», seguida de «Literatura». Na primeira categoría produciuse un incremento dun 11 % con respecto a 2013, logo de cinco anos consecutivos de descenso. Por outra banda, no tocante aos libros de literatura, en 2014 continúa a evolución ascendente iniciada en 2013, que aínda así, fica moi lonxe da acadada en 2010, ano en que se publicaron 682 libros desta materia en galego.

Dentro da clasificación de libros por materias, pódense agrupar por subsectores, tal como mostra a táboa a continuación.

Número de libros con ISBN publicados en galego segundo os subsectores

	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Infantil e xuvenil	400	513	314	300	326	362
Libros de texto	707	514	479	582	390	692
Creación literaria	331	682	408	374	407	411



Ciencias sociais e humanidades	491	627	587	272	213	235
Científicos e técnicos	90	111	132	42	19	17
Tempo libre	94	88	73	46	69	46
Outros	8	9	4	5	2	-

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Panorámica de la edición española de libros 2014*.

En 2014 os libros de texto en lingua galega foron os máis numerosos, seguidos dos de creación literaria. É tamén salientable o número de libros dirixidos a un público infantil e xuvenil, que ocupa o terceiro lugar nesta lista. Nestas tres categorías mencionadas aumenta a cifra de libros con respecto ao ano anterior, ademais das publicacións de ciencias sociais e humanidades. Porén, diminúe o número de libros en galego nos subsectores de libros científicos e técnicos, de tempo libre e outros en comparación co ano 2013.

No ano 2014 aumentaron as primeiras edicións e as reimpresións con respecto a 2013, mentres que as reedicións diminuíron, tal como se pode ver na seguinte táboa.

Número de libros con ISBN publicados en galego segundo as edicións

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Primeiras edicións	2215	1776	2238	1691	1338	1120	1433
Reedicións	91	71	52	20	15	23	6
Reimpresións	266	274	254	286	268	283	324

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Panorámica de la edición española de libros 2014*.

Na seguinte táboa inclúense datos do número de libros traducidos desde outras linguas ao galego.

Número de libros con ISBN publicados en galego segundo as linguas traducidas

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Total	472	413	616	560	234	188	220
Alemán	18	12	12	18	4	13	9
Castelán	312	254	369	385	119	68	103
Catalán	18	11	55	23	13	2	8
Francés	33	38	51	34	18	17	20
Inglés	55	66	78	66	70	63	56
Italiano	11	12	14	14	5	8	9
Portugués	5	8	5	3	-	4	3
Xaponés	-	1	2	3	1	3	-
Outras linguas	20	11	30	14	4	10	12

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Panorámica de la edición española de libros 2014*.



Os libros traducidos ao galego diminuíron considerablemente no período 2008-2014. Logo de aumentar nun 30,5 % entre 2008 e 2010, foron diminuindo nos seguintes anos ata acadaren a cifra máis baixa de todo o período en 2013, aínda que en 2014 esta cifra se incrementou nun 15,6 % con respecto a 2013. Por linguas, a máis traducida foi o castelán, seguida do inglés.

A seguinte táboa indica as provincias onde se editaron os libros en galego. En Galicia, a provincia onde se editaron máis libros foi Pontevedra, seguida da Coruña. Moi por detrás están as provincias de Lugo e Ourense. Fóra de Galicia tamén se publicaron libros en galego, principalmente en Madrid e en Barcelona.

Número de libros con ISBN publicados en galego segundo as provincias

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	1876	1585	2025	1565	1160	1067	1432
A Coruña	795	690	869	826	493	401	627
Lugo	45	39	16	18	12	81	24
Ourense	78	58	48	38	14	18	32
Pontevedra	958	798	1.092	683	641	567	749
Outras CC. AA.	606	536	519	432	461	359	331
Barcelona	154	137	125	207	110	89	70
Madrid	400	275	299	199	326	260	242
Outras provincias	52	124	95	26	25	10	19

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Panorámica de la edición española de libros 2014*.

A seguinte táboa indica o número de libros publicados en galego por intervalos de prezos. Destes datos pódese concluír que un 20,1 % dos libros publicados en galego en 2014 tiñan un prezo que oscilaba entre 10,01 e 12,50 euros.

Número de libros con ISBN publicados en galego segundo o prezo

	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Menos de 2,50 €	40	70	7	33	21	62
De 2,51 a 5,00 €	129	259	132	46	21	71
De 5,01 a 7,50 €	217	246	129	131	75	122
De 7,51 a 10,00 €	299	496	304	251	277	236
De 10,01 a 12,50 €	278	409	205	211	288	354
De 12,51 a 15,00 €	146	248	18	173	179	210
De 15,01 a 17,50 €	15	166	136	10	6	106
De 17,51 a 20,00 €	155	126	101	89	99	70
De 20,01 a 25,00 €	89	107	137	58	60	50
De 25,01 a 30,00 €	119	111	79	45	33	23
De 30,01 a 35,00 €	69	35	94	31	20	38
De 35,01 a 40,00 €	31	15	48	39	5	6

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

De 40,01 a 45,00 €	7	5	12	5	6
De 45,01 a 50,00 €	8	0	6	1	7
De 50,01 a 60 €	6	11	7	2	2
Máis de 60 €	84	52	136	40	18
Sen especificar prezo	29	178	282	365	219
				367	

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Panorámica de la edición española de libros 2014.*

Na seguinte táboa recóllense datos sobre os libros publicados en galego segundo a natureza xurídica do editor.

Número de libros con ISBN publicados en galego segundo a natureza xurídica

	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Edición pública	136	250	165	109	116	101
Organismos oficiais da Admón. xeral do Estado	7	5	2	3	2	5
Organismos oficiais da Admón. autonómica	57	28	16	19	-	15
Organismos oficiais da Admón. local	27	40	53	44	73	40
Institucións educativas das administracións públicas	41	173	92	39	34	38
Institucións culturais das administracións públicas	4	4	2	4	7	3
Edición privada	1.985	2.294	1.832	1.512	1.310	1.662
Autor-Editor	163	105	105	90	77	118
Editoriais pequenas ⁴	653	959	395	291	363	298
Editoriais medianas ⁵	837	880	1.054	760	577	996
Editoriais grandes ⁶	332	350	278	371	293	250

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Panorámica de la edición española de libros 2014.*

A edición privada supuxo un 94 % de toda a edición de libros en galego e a edición pública, un 6 %. A edición pública en 2014 diminuíu nun 12,9 % en comparación co ano anterior, mentres que a edición privada se incrementou nun 26,9 %. Na edición pública dominan as publicacións editadas por organismos oficiais da Administración local, aínda que diminuíron nun 45,2 % con respecto a 2013. No que atinxe á edición privada, un 59,9 % dos libros publicados en galego en 2014 foron producidos por editoriais medianas.

Conclusiones

Segundo os datos do ISBN, en 2015 editáronse en Galicia un total de 2266 libros, 338 libros menos que en 2014. Un 82,7 % foron editados en papel. O número de libros publicados en galego tamén descendeu en 2015.

A cifra total de libros publicados en galego supón un 61,5 % do total de libros con ISBN publicados en Galicia en 2015, pese a que experimenta un descenso global de 338 títulos.

⁴ Editoriais pequenas son aquelas cunha produción prevista total igual ou inferior a 100 libros.

⁵ Editoriais medianas son aquelas cunha produción prevista total de entre máis de 100 e 1000 libros.

⁶ Editoriais grandes son aquelas cunha produción prevista total de entre máis de 1000 e 100 000 libros.

DATOS &
INFORMES



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

A materia en que abundan máis libros publicados en galego é a de «Ensinanza e educación», seguida de «Literatura». É tamén salientable o número de libros dirixidos a un público infantil e xuvenil.

No tocante a libros traducidos desde o galego, a tendencia do período estudado tamén é descendente. Os libros traducidos ao galego diminuíron considerablemente nos últimos anos. Por linguas, a máis traducida ao galego foi o castelán, seguida do inglés.

A provincia onde se editaron máis libros foi Pontevedra, seguida da Coruña. Moi por detrás están as provincias de Lugo e Ourense. Fóra de Galicia tamén se publicaron libros en galego, principalmente en Madrid e en Barcelona.

A edición privada supuxo un 94 % de toda a edición de libros en galego e a edición pública, un 6 %. Na edición pública dominan as publicacións editadas por organismos oficiais da Administración local e na privada, as editoriais medianas.